



CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 19 de setembro de 2023 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de agosto de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 19 de setembro de 2023.- A alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2957

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de setembro de 2023 adoptou o acordo 18/698, sendo a parte dispositiva do mencionado acordo do seguinte teor:

“PRIMEIRO.- Nomear a DONA NATALIA FRAMIL REGO, DNI nº ***9723** como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de Técnico/a de Administración Xeral do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (Grupo de titulación: Grupo A (Subgrupo A1); escala: administración xeral; subescala: técnica; clase: superior), ocupando o posto cód. 62/208.

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado á interesada, coa advertencia que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 20 de setembro de 2023.- O Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Don Ángel Pablo Permuy Villanueva

R. 2996

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas AGOSTO 2023 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 11.09.2023 aprobouse o padrón da Taxa pola utilización da piscina municipal e demais instalacións anexas correspondente ao mes de agosto 2023.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 29.09.2023 ata o 29.11.2023.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 15 de setembro de 2023.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2958

MURAS*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía 2023-0302 ,foi aprobado o PADRÓN SAF- MAIO 2023, na modalidade de libre concorrencia e de dependencia.

Por medio do presente expone ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iniciarase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 10 de xullo de 2023.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2959

OUROL*Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, faise público o resumo por capítulos do Orzamento Xeral do concello de Oural correspondente ao exercicio 2023, unha vez incorporado o expediente de modificación, crédito extraordinario/suplemento de crédito con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, 2/2023, así como o expediente de modificación do orzamento, transferencia de crédito entre aplicación orzamentarias pertencentes a diferentes áreas de gasto, 1/2023. O expediente foi aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria celebrada o día vinte e tres de agosto de dous mil vinte e tres sen que se presentase ningunha reclamación dentro do prazo de exposición ao público.

ESTADO DE GASTOS

Operacións correntes

Capítulo	Denominación	Importe ant.	Modificación	Importe actual
1º.-	Gastos de persoal	1.134.929,77 €	3.000,00 €	1.137.929,77 €
2º.-	Gastos correntes en bens e servizos	503.004,82 €	129.235,00 €	632.239,82 €
3º.-	Gastos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
4º.-	Transferencias correntes	101.800,00 €	0,00 €	101.800,00 €
Operacións de capital				
6º.-	Investimentos reais	236.570,47 €	60.793,22 €	297.363,69 €
7º.-	Transferencias de capital	75.000,00 €	-75.000,00 €	0,00 €
8º.-	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9º.-	Pasivos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €

Segundo dispón o artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relaciónco artigo 169 do mesmo Real Decreto, contra este expediente poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Ourol, 19 de setembro de 2023.-O alcalde, José LuisPajón Camba.

R. 2960

Anuncio

O sr. alcalde-presidente do concello de Ourol asinou o Decreto nº 2023-0280, de data quince de setembro, polo que se aproban as Bases reguladoras para a convocatoria de axudas transporte ao alumnado do concello de Ourol que realice estudos fóra do termo municipal (Curso académico 2022-2023), que literalmente son as seguintes:

“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS TRANSPORTE AO ALUMNADO DO CONCELLO DE OUROL QUE REALICE ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL (CURSO ACADÉMICO 2022-2023).

1. OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS.

Convocatoria de concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar gastos de desprazamento daqueles/as alumnos/-as do Concello que estudan fóra do termo municipal durante o curso 2022-2023.

2. BENEFICIARIOS/-AS.

Poderán ser beneficiarios/-as destas axudas aqueles xoves do Concello de Ourol que estean cursando Bacharelato ou algunha modalidade de ciclos formativos de grao medio ou superior e graos, másters, teses ou doutorados universitarios, agás os realizados na modalidade de formación a distancia ou online.

Quedan excluídos destas axudas aqueles estudantes que puideron ser solicitantes da “Tarxeta Xente Nova”, da Xunta de Galicia, durante o Curso 2022-2023.

Aqueles estudantes que, por causa da idade, se viran excluídos durante o Curso 2022-2023, do ámbito de aplicación da “Tarxeta Xente Nova”, poderán solicitar estas axudas, polos meses do Curso que se viran excluídos, (considerarase que o Curso vai dende setembro a xullo).

3. REQUISITOS.

Serán requisitos necesarios para a concesión de axudas:

3.1.-Estar empadroadado no Concello de Ourol

3.2.-Figurar matriculado no curso académico 2022-2023 en centros de ensinanza financiados con fondos públicos nos que se cursen os estudos relacionados na base 2.

4. TIPO DE AXUDAS.

Os xoves que cumpran os requisitos anteriormente mencionados serán beneficiarios/as dunha axuda económica de pagamento único, sendo esa cantidade idéntica para cada beneficiario/-a, segundo a quilometraxe na que

este incluído. A cantidade concedida será aprobada posteriormente polo órgano competente con arranxo aos seguintes criterios:

- De 1km. a 15 km 120 euros
- De 15km. a 50km..... 150 euros
- De 50km. a 175km..... 200 euros
- De máis de 175km..... 250 euros

Para a concesión destas axudas está reservada a aplicación orzamentaria 323.480 do orzamento municipal do exercicio 2023.

5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.

As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita polo/a interesado/a segundo o modelo oficial que será distribuído aos/ás interesados/as que así o desexen no Rexistro Xeral do Concello de Oural dentro do prazo indicado, aportando a seguinte documentación:

- 1.- Solicitud debidamente cumprimentada e asinada polo/a interesado/a (se é menor de idade, polo seu pai, nai ou titor).
- 2.- Fotocopia do DNI do/a solicitante debidamente cotexado co seu orixinal.
- 3.- Certificación bancaria da conta corrente do/a interesado/a, no seu caso.

Xustificación para o cobro da axuda.

A documentación a aportar será a seguinte:

1. Para os/ as alumnos/as universitarios/as:

1.1.- Fotocopia da matrícula cotexada co seu orixinal.

1.2.- Extracto do expediente universitario ou certificación do centro académico de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula do curso 2022-2023.

1.3.- Documentación que acredite a localidade onde se están a cursar os estudos.

2. Para os/as alumnos/as de Bacharelato ou Formación profesional:

2.1.- Fotocopia cotexada do boletín de cualificacións ou certificación académica expedida polo centro ou certificación do centro de terse presentado polo menos ao 50% das materias correspondentes á matrícula no curso 2022-2023.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes e a documentación requirida presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Oural. O prazo de presentación de solicitudes e demais documentación xustificativa da axuda, é de 15 días naturais, que se computará a partir do día seguinte ao da publicación das bases desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se o último día de presentación das solicitudes coincidise en sábado, domingo ou festivo prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

7. PUBLICIDADE.

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ao parágrafo anterior, a proposta de resolución terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

8. COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora será designada polo sr. alcalde-presidente, quen tamén fixará a data da súa reunión.

9. RESOLUCIÓN.

O órgano competente para a concesión das axudas, emitirá un acordo de concesión ou denegación debidamente motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas serán notificadas individualmente e serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Dilixencia, esténdoa eu, secretaria-interventora, para facer constar que as presentes bases compostas de dúas follas numeradas (2), foron aprobadas por

Oural, 15 de setembro de 2023.- A secretaria-interventora, María Jesús Mosquera Carregal"

Ouro, 15 de setembro de 2023.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 2961

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 18 de setembro de 2023 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao segundo trimestre do ano 2023.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 28/09/2023 ao 28/11/2023 ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 18 de agosto de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2962

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE AGOSTO 2023.

Por Resolución de alcaldía do 18 de setembro de 2023, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 11 de outubro de 2023 ao 11 de decembro 2023**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde.

A Pontenova, 18 de setembro de 2023.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2963

RIBADEO

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 42 /2023 SUPLEMENTO DE CREDITO 05/2023

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 22/08/2023, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 42/2023 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería, para gastos, pola cantidade de **163.607,77** euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.605.788,01	0,00	5.605.788,01
2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.940.607,68	87.000,00	5.027.607,68
3	Gastos Financeiros	39.500,00	0,00	39.500,00
4	Transferencias Correntes	412.145,97	50.000,00	462.145,97
5	Fondo de continxencia	20.000,00	0,00	20.000,00
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	5.273.332,48	26.607,77	5.299.940,25
7	Transferencias de Capital	401.324,71	0,00	401.324,71
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	27.045,54	0,00	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	632.282,76	0,00	632.282,76
Total		17.352.027,15	163.607,77	17.515.364,92
ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.834.000,00	0,00	2.834.000,00
2	Impostos Indirectos	470.000,00	0,00	470.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	2.818.133,77	0,00	2.818.133,77
4	Transferencias Correntes	4.670.385,64	0,00	4.670.385,64
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0,00	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	101.000,00	0,00	101.000,00
7	Transferencias de Capital	2.191.756,26	0,00	2.191.756,26

B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	2.694.815,39	163.607,77	2.858.423,16
9	Pasivos Financeiros	1.559.127,07	0,00	1.559.127,07
Total		17.352.027,15	163.607,00	17.515.364,92

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 19 de setembro de 2023.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2964

O VALADOURO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

En base ao especificado no artigo 101,2 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, ábrese un prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que todas aquelas persoas que reúnan as condicións legais e non estean incursoas en causas de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade cos artigos 102.303,389 e 390 da referida L.O.6/1985, poidan solicitar a praza de Xuíz de Paz Titular de O Valadouro.

O Valadouro, 19 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Fernández Díaz.

INFORMACIÓN PÚBLICA

En base ao especificado no artigo 101,2 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, ábrese un prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que todas aquelas persoas que reúnan as condicións legais e non estean incursoas en causas de incapacidade ou incompatibilidade, de conformidade cos artigos 102.303,389 e 390 da referida L.O.6/1985, poidan solicitar a praza de Xuíz de Paz Substituto de O Valadouro.

O Valadouro, 19 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, María José Fernández Díaz.

R. 2965